

Número de Dog: 192

Páxina do Dog: 18.031

Data da Disposición: 19 de setembro de 2008

Sección: IV. OPSICIÓN E CONCURSOS

Organismo: Consellería de Educación E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rango: Resolución

**Título: Resolución do 19 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2008-2009, en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.**

*Resolución do 19 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2008-2009, en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.*

Pola Resolución do 20 de maio de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 17 de maio), da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2008-2009, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resoltas as reclamacións producidas á resolución provisional de determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas, e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, esta secretaria xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlles destino provisional para o curso académico 2008-2009 aos profesores que figuran no anexo desta resolución nos centros e especialidades que alí se especifican.

Segundo.-Facer públicas as comisións de servizo e os desprazamentos por falta de horario nas especialidades que se publican.

Terceiro.-A toma de posesión será con efectividade do 25 de setembro de 2008, para o profesorado das especialidades de formación profesional específica do corpo de profesores de ensino secundario e os profesores técnicos de formación profesional. Para os profesores de música e artes escénicas e os profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, a efectividade será do 26 de setembro de 2008.

Cuarto.-Sen prexuízo do previsto no punto anterior, no caso dos profesores interinos que teñen nomeamento durante o curso académico 2007-2008, a toma de posesión terá efectos económicos e administrativos do día inmediatamente posterior ao do seu cesamento.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

Ver referencia pdf "19200D014P043.PDF"